

Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do xoves 31 de outubro de 2024

Logo de ver o disposto nos artigos 46 e 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

TENDO EN CONTA que, segundo o acordo plenario de data do 13.07.2023, relativo ao réxime de determinación da periodicidade das sesións plenarias, o Pleno celebrará sesións ordinarias con carácter mensual o último xoves de cada mes ás vinte horas.

En aplicación do previsto nos artigos 78 e 80 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

1. CONVOCAR unha sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

Data: xoves 31 de outubro de 2024
Hora: 20:00 h
Lugar: SALON DE PLENOS DO CONCELLO

ORDE DO DÍA:

PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN ACTA Nº 14/2024 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 26/09/2024
2. NOMEAMENTO SUBSTITUTO DO XULGADO DE PAZ DO CONCELLO DE RIANXO
3. APROBACIÓN INICIAL: REGULAMENTO DO FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS DO CONCELLO DE RIANXO (EXPEDIENTE 2024/G013/000006)
4. ORDENANZA REGULADORA DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, NORMAS DE FUNCIONAMENTO E UTILIZACIÓN DAS "VIVENDAS DOS MESTRES" DO CONCELLO DE RIANXO
5. APROBAR PROVISIONALMENTE A IMPOSICIÓN DA TAXA POLA CESIÓN TEMPORAL DE VIVENDAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E A ORDENANZA FISCAL NÚMERO 14 REGULADORA DA TAXA POLA CESIÓN TEMPORAL DE VIVENDAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL,

PARTE DE CONTROL

6. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO
7. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL POLA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES
8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: MODIFICACIÓN DO CALENDARIO FISCAL E O ESTUDO DO IMPACTO DO IBI NOS TRIBUTOS MUNICIPAIS

9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: INSTAR Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA Á CREACIÓN DUNHA CIRCUNVALACIÓN QUE UNA A DP 7201 COA DP 3301 A ALTURA DA ALDEA DAS CORTES (PEDREIRA)E INICIAR UNHA MESA DE TRABALLOS TÉCNICOS.

10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: ELABORACIÓN DUN PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS E A ACTUALIZACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE SUBVENCIÓNS DA AY

11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2025 E A DOTACIÓN ORZAMENTARIA PARA A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT)

12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: IMPULSO DUN PROXECTO ESTRATÉXICO DE DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO EN COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN RIA

13. ROGOS E PREGUNTAS

2. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros do Pleno, e poñer á súa disposición no Portal de Cargos Electos da Sede Electrónica municipal as actas e a documentación dos expedientes que conforman a orde do día, **facéndolles saber que de conformidade co disposto no artigo 14.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para desenvolveren a súa función, e singularmente das que terán que servir de antecedente para as decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como evitar a reprodución da documentación que lles sexa facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.**
3. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello na vindeira sesión que se celebre.